


## CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO DE CAMARIÑAS:

(Ano 2004)

O desemprego rexistrado do Concello de Camariñas no 2004 caracterízase por un maior número de persoas desempregadas no primeiro trimestre do ano, con fluctuación á baixa durante o desenvolvemento do ano e un incremento pronunciado no remate do 2004. A media mensual de desempregados no período estudado foi de 310.




Analizando os datos por trimestres, observamos un mantemento no primeiro, un descenso, con fluctuacións, no segundo, un terceiro trimestre coas cifras máis baixas de desemprego e no último trimestre as cifras de paro ascenden

progresivamente ata o último mes do ano. A dinámica de ascenso progresivo a finais de mes e inicios de ano con cifras altas de desemprego coincide cos análises dos anos anteriores.

Son os meses de agosto e setembro os que rexistran menos desemprego e marzo e decembro os de maior incidencia no rexistro de parados no Concello de Camariñas.

A maior porcentaxe de desemprego atopámoslos nos maiores de 25 anos (93%) tendo o seu momento de maior incidencia nos primeiros meses do ano e no mes de decembro, con clara influencia do movemento de retorno dos emigrantes do concello.


Os menores de 25 anos que constitúen o 7% dos desempregados rexistrados, sofren en maior número esta situación nos meses de marzo e maio-xuño.



**CADRO Nº1: DESEMPREGADOS POR GRUPO DE IDADE**

| Meses 2004      | MENORES DE 25 ANOS | MAIORES DE 25 ANOS |
|-----------------|--------------------|--------------------|
| <i>Xaneiro</i>  | 57                 | 325                |
| <i>Febreiro</i> | 56                 | 322                |
| <i>Marzo</i>    | 79                 | 314                |
| <i>Abril</i>    | 54                 | 283                |
| <i>Maio</i>     | 59                 | 287                |
| <i>Xuño</i>     | 65                 | 281                |
| <i>Xullo</i>    | 56                 | 267                |
| <i>Agosto</i>   | 26                 | 243                |
| <i>Setembro</i> | 44                 | 248                |
| <i>Outubro</i>  | 44                 | 269                |
| <i>Novembro</i> | 52                 | 287                |
| <i>Decembro</i> | 56                 | 327                |
| <b>MEDIA</b>    | 54                 | 288                |

O desemprego afecta ás mulleres (59%) máis que ós homes (41%). Observamos nos datos e no gráfico que só en marzo superan os desempregados masculinos ás mulleres. O comportamento do desemprego, xa apuntado no análise dos anos anteriores, segue a estar determinado no ascenso polo incremento de desemprego feminino e a súa diminución polo descenso dos parados masculinos .



**CADRO Nº 2: DESEMPREGADOS POR SEXO**

|                 | Homes | Mulleres | TOTAL      |
|-----------------|-------|----------|------------|
| <b>Xaneiro</b>  | 158   | 224      | <b>382</b> |
| <b>Febreiro</b> | 167   | 211      | <b>378</b> |
| <b>Marzo</b>    | 198   | 195      | <b>393</b> |
| <b>Abril</b>    | 133   | 204      | <b>337</b> |
| <b>Maio</b>     | 135   | 211      | <b>346</b> |
| <b>Xuño</b>     | 129   | 217      | <b>346</b> |
| <b>Xullo</b>    | 125   | 198      | <b>323</b> |
| <b>Agosto</b>   | 131   | 138      | <b>269</b> |
| <b>Setembro</b> | 106   | 186      | <b>292</b> |
| <b>Outubro</b>  | 114   | 199      | <b>313</b> |
| <b>Novembro</b> | 129   | 210      | <b>339</b> |
| <b>Decembro</b> | 160   | 223      | <b>383</b> |
| <b>MEDIA</b>    | 127   | 183      | <b>310</b> |

Nos grupos de idade por sexos as mulleres seguen a presentar as maiores cifras de desemprego, nos menores de 25 atopamos unha media de 32 mulleres e 22 homes e nos maiores de 25 temos 169 mulleres de media fronte a 119 homes. As porcentaxes de mulleres en ámbolos dous grupos de idade esta en torno o 59%.

**CADRO Nº3: DESEMPREGADOS MENORES DE 25 ANOS**

|                 | HOMES | MULLERES | TOTAL |
|-----------------|-------|----------|-------|
| <b>Xaneiro</b>  | 19    | 38       | 57    |
| <b>Febreiro</b> | 22    | 34       | 56    |
| <b>Marzo</b>    | 56    | 23       | 79    |
| <b>Abril</b>    | 19    | 35       | 54    |
| <b>Maio</b>     | 25    | 34       | 59    |
| <b>Xuño</b>     | 27    | 38       | 65    |
| <b>Xullo</b>    | 23    | 33       | 56    |
| <b>Agosto</b>   | 8     | 18       | 26    |
| <b>Setembro</b> | 11    | 33       | 44    |
| <b>Outubro</b>  | 14    | 30       | 44    |
| <b>Novembro</b> | 16    | 36       | 52    |
| <b>Decembro</b> | 20    | 36       | 56    |

|              |    |    |    |
|--------------|----|----|----|
| <b>MEDIA</b> | 22 | 32 | 54 |
|--------------|----|----|----|

**CADRO Nº4: DESEMPREGADOS MAIORES DE 25 ANOS**

|                 | HOMES | MULLERES | TOTAL |
|-----------------|-------|----------|-------|
| <b>Xaneiro</b>  | 139   | 186      | 325   |
| <b>Febreiro</b> | 145   | 177      | 322   |
| <b>Marzo</b>    | 142   | 172      | 314   |
| <b>Abril</b>    | 114   | 169      | 283   |
| <b>Maio</b>     | 110   | 177      | 287   |
| <b>Xuño</b>     | 102   | 179      | 281   |
| <b>Xullo</b>    | 102   | 165      | 267   |
| <b>Agosto</b>   | 123   | 120      | 243   |
| <b>Setembro</b> | 95    | 153      | 248   |
| <b>Outubro</b>  | 100   | 169      | 269   |
| <b>Novembro</b> | 113   | 174      | 287   |
| <b>Decembro</b> | 140   | 187      | 327   |

|              |     |     |     |
|--------------|-----|-----|-----|
| <b>MEDIA</b> | 119 | 169 | 288 |
|--------------|-----|-----|-----|


Respecto os maiores de 25 anos, son as mulleres quen marcan o ascenso do desemprego do concello, cunha tendencia xeral o descenso progresivo ata abril dende onde ascende manténdose en menor cifra que a inicio de ano e rematando o ano coa súa maior cifra.

O mes de agosto é o de mellor comportamento nas mulleres e setembro en homes, aínda que os maiores de 25 anos presentan en conxunto a súa menor cifra no mes de agosto.

**CADRO Nº 5: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS**

|                 | AGRICULTURA<br>/GANDERÍA | INDUSTRIA | CONSTRUCCIÓN | SERVICIOS | SEN<br>EMPREGO<br>ANTERIOR | TOTAL |
|-----------------|--------------------------|-----------|--------------|-----------|----------------------------|-------|
| <b>Xaneiro</b>  | 26                       | 25        | 113          | 147       | 44                         | 382   |
| <b>Febreiro</b> | 27                       | 39        | 117          | 153       | 42                         | 378   |
| <b>Marzo</b>    | 44                       | 38        | 103          | 143       | 42                         | 370   |
| <b>Abril</b>    | 26                       | 36        | 91           | 146       | 38                         | 337   |
| <b>Maio</b>     | 28                       | 37        | 86           | 154       | 41                         | 346   |
| <b>Xuño</b>     | 34                       | 35        | 79           | 155       | 43                         | 346   |
| <b>Xullo</b>    | 34                       | 32        | 84           | 135       | 38                         | 323   |
| <b>Agosto</b>   | 31                       | 31        | 82           | 128       | 35                         | 307   |
| <b>Setembro</b> | 30                       | 31        | 72           | 122       | 37                         | 292   |
| <b>Outubro</b>  | 27                       | 30        | 75           | 144       | 37                         | 313   |
| <b>Novembro</b> | 25                       | 26        | 85           | 166       | 37                         | 339   |
| <b>Decembro</b> | 30                       | 29        | 102          | 185       | 37                         | 383   |
| <b>MEDIA</b>    | 30                       | 35        | 91           | 148       | 39                         | 343   |

Os demandantes do sector servicios supoñen a porcentaxe maioritaria (43%) do desemprego no noso concello, confirmando os análises feitos dos anos anteriores, con descensos nos meses de verán e ascensos a finais de ano e principios.



A construción presenta descenso progresivo o longo do ano, máis acusado na primeira metade. A industria presenta cifras en descenso ó longo do ano. E neste ano atopamos cifras menores en desemprego de demandantes de primeiro emprego. O sector primario presenta fluctuacións ó longo do período, cun ascenso moi pronunciado no mes de marzo onde acada a súa maior cifra de parados.

## CONCLUSIÓNS.

1. O comportamento do desemprego no Concello de Camariñas ven marcado polo maior peso das mulleres nesta situación e o desemprego dos maiores de 25 anos, tamén con maior presenza feminina

2. O descenso nas cifras de paro segue influído polo descenso do número de homes aínda que o descenso do desemprego feminino determina por primeira vez a baixada nas cifras no mes de agosto. En xeral neste ano presenta mellor situación a segunda metade de ano.
3. A demanda no sector servizo, cunha media de 148 parados ó mes, é a maioritaria cun ascenso a partires de outubro.
4. O sector da construción, con 91 desempregados de media mensual, é quen mellor traxectoria presenta no ano, cun descenso progresivo. O sector industria tamén debuxa unha traxectoria positiva, con descenso pronunciado dende o segundo trimestre de ano e xunto co sector primario os de menor desemprego
5. Os demandantes de primeiro emprego manteñen valores inferiores os 40 desempregados a partires da segunda metade de ano.
6. O sector primario presenta, como en anos anteriores, unha certa estabilidade ó longo deste ano cunha media de 30 parados neste sector.